



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-8

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

3 de Outubro de 2024

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:04

Hora de Finalización

10:18

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

DANIEL DE DIOS MANSO
EMILIO FERNANDEZ PARADA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 05.09.2024 (ACTA 7/2024)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

2º. ADHESION AO CONVENIO MARCO DE COOPERACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACION EN REXIME DE COMPETENCIA DELEGADA DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DE COMPETENCIA LOCAL.

O Sr. Alcalde pasa a explicar o seguinte:

O pasado **28 de xuño de 2024**, o Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou o “Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da Provincia para que a Deputación Provincial preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos da competencia local nos municipios que se adhiran”.

O devandito convenio foi obxecto de publicación no **BOP** de Ourense, núm 127, do **2 de xullo de 2024**. Nesa data constan como adheridos ao convenio 55 dos 92 concellos da Provincia.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Na actualidade este servizo estase a prestar pola **Mancomunidade** de municipios da Comarca de Verín, aos concellos de **Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós**.

O contrato có actual adxudicatario do servizo mancomunado fai tempo que rematou xunto coa súa prórroga e a realidade é que o deterioro nas condicións da prestación do servizo é progresivo e grave, especialmente nos meses de verán; a pesar dos mellores esforzos dos responsables da Mancomunidade.

Así as cousas, as novas obrigas para os concellos derivadas da implantación do quinto contedor (**contedor marrón**) e moitas outras, aconsellan acollerse a un sistema que asegure a prestación do servizo de recollida de residuos con garantía de continuidade e calidade.

Neste sentido e logo de reunións informativas no seo da propia Mancomunidade cós responsables deste servizo provincial, chegouse á conclusión (por tres dos concellos afectados: **Castrelo do Val, Oímbra e Vilardevós**) de que, no momento actual, a maior garantía da prestación deste servizo fundamental para a poboación é acollerse ao sistema ofertado pola Deputación Provincial de Ourense.

A pretensión do equipo de goberno non é outra que mellorar a prestación do servizo á poboación coa conseguinte mellora da calidade de vida no municipio.

Aberto un turno de intervencións, non se produciron.

Tralo que o **Pleno**, ao considerar conveniente para os intereses municipais e para a poboación en xeral, a prestación dun servizo de recollida de residuos en mellores condicións que nas que se está a prestar na actualidade; por **unanimidade** dos sete membros que o forman (5 **PSdeG-PSOE** e 2 **PP**), **ACORDA**:

PRIMEIRO. Acordar a **adhesión do Concello** de Castrelo do Val ao **Convenio** marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da Provincia para que a Deputación Provincial preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos da competencia local nos municipios que se adhiran; **con aceptación expresa da totalidade das súas cláusulas**.

SEGUNDO. Consecuentemente, **delegar na Deputación** Provincial de Ourense, o exercicio da totalidade das competencia municipais de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de residuos de competencia local, incluídas as competencias sancionadoras en materia de residuos que, conforme coa lexislación vixente, lle corresponden ao concello.

TERCEIRO. **Traspasar** á Deputación Provincial de Ourense os **medios persoais** que como consecuencia do abandono do servizo mancomunado de recollida de RSU, lle correspondan ao Concello.

TERCEIRO. Dar traslado deste acordo tanto á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín como á Deputación Provincial de Ourense, a todos os efectos oportunos.





3º. ACORDO QUE PROCEDA SOBRE ABANDONO DO SERVIZO MANCOMUNADO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E MONOMATERIAL DE PAPEL CARTON.

O Sr. Alcalde pasa a explicar o seguinte:

A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín ven prestando o servizo de recollida de RSU desde hai máis de trinta anos, aos concellos que a integramos.

Cando o Concello de Verín abandonou o servizo mancomunado ao rematar o ano 2019, para pasar a prestalo polos seus propios medios, a Mancomunidade víuse na necesidade de adxudicar un novo contrato para continuar a prestación do servizo aos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós.

O contrato adxudicouse á empresa FCC Medioambiente que iniciou a prestación na primaveira de 2020. Tanto o contrato inicial como a súa prórroga hai tempo que remataron.

No último ano e por diferentes circunstancias (averías de vehículos, baixas de persoal, etc), pese aos mellores intentos dos responsables da Mancomunidade, a perda da calidade do servizo fíxose innegable, especialmente nos meses de verán.

Así as cousas, as novas obrigas para os concellos derivadas da implantación do quinto contedor (**contedor marrón**) e moitas outras, aconsellan acollerse a un sistema que asegure a prestación do servizo de recollida de residuos con garantía de continuidade e calidade.

Neste sentido e logo de reunións informativas no seo da propia Mancomunidade cós responsables deste servizo provincial, chegouse á conclusión (por tres dos concellos afectados: **Castrelo do Val, Oímbra e Vilardevós**) de que, no momento actual, a maior garantía da prestación deste servizo fundamental para a poboación é acollerse ao sistema ofertado pola Deputación Provincial de Ourense.

A pretensión do equipo de goberno non é outra que mellorar a prestación do servizo á poboación coa conseguinte mellora da calidade de vida no municipio.

Aberto un turno de intervencións, non se produciron.

Tralo que o **Pleno**, ao considerar conveniente para os intereses municipais e para a poboación en xeral, a prestación dun servizo de recollida de residuos en mellores condicións que nas que se está a prestar na actualidade; por **unanimidade** dos sete membros que o forman (5 **PSdeG-PSOE** e 2 **PP**), **ACORDA**:

PRIMEIRO. Revogar a delegación na **Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín** da competencia municipal de prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e monomaterial de papel-cartón, acordada no seu día.

SEGUNDO. Consecuentemente, **abandonar o servizo mancomunado** de recollida de RSU e monomaterial de papel-cartón **con efectos do 31 de decembro de 2024.**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

TERCEIRO. Manifestar o compromiso de asumir os medios persoais que como consecuencia do abandono do servizo mancomunado de recollida de RSU, lle correspondan ao Concello.

CUARTO.. Dar traslado deste acordo tanto á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, a todos os efectos oportunos.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

